

## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
XGL/2019/20	A Xunta de Goberno Local

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	7 de agosto de 2019
<b>Duración</b>	Desde as 13:30 ata as 14:00 horas
<b>Lugar</b>	SALA DE XUNTAS
<b>Presidida por</b>	FATIMA ABAL ROMA
<b>Secretario</b>	MIGUEL RODRIGUEZ DE VICENTE-TUTOR

ASISTENTES: D. Constantino Cordal Rodríguez, D. Samuel Lago Ozón, D. Xurxo Charlín Trigo e D<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Cruz Leiro Peña.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### 1.- Aprobación das actas das sesións anteriores (XGL/2019/18 do 30-xullo-2019 e XGL/2019/19 do 01-agosto-2019)

Dáse contas das actas das sesións celebradas os días 30 de xullo e 1 de agosto. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación ás referidas actas.

#### 2.- Expediente 904/2019. Comunicación previa.- Reposición de bloques caídos en muro existente en Cereixeira, 24 - Oubiña (Promotora: ~~Marcos Pardo Cabas~~)

Rf<sup>a</sup> Catastral:36006A013002510000OX  
Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 08/07/2019, que se emite en sentido favorable, a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 146.2 da Lei

**ACTA DE XUNTA DE GOBERNO**  
 Número: 2019-0022 Data: 09/09/2019

MIGUEL RODRIGUEZ DE VICENTE-TUTOR (1 para 2)  
 SECURE (PARTIO)  
 Data de Sinatura: 09/09/2019  
 HASH:

FATIMA ABAL ROMA (2 para 2)  
 Alcaldesa  
 Data de Sinatura: 10/09/2019  
 HASH:



2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, toma razón da comunicación previa anterior e declara completa a documentación presentada.

**3.- Expediente 68/2019. Comunicación previa.- Muro de peche en Facho, 43 - Castrelo (Promotora: Rosalía Castro Muga)**

Rfª Catastral: E50503600NH10C0001KP

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 08/07/2019, que se emite en sentido favorable, a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 146.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, toma razón da comunicación previa anterior e declara completa a documentación presentada.

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

**4.- Dación en conta do Decreto nº 2019-0923 - Concesión de licenza á Consellería de E.U. e F.P. para rehabilitación integral do IES Ramón Cabanillas (Expte. 1917/2019)**

Dáse conta do Decreto n.º 2019-0923, de concesión de licenza á Consellería de E.U. e F.P. para rehabilitación integral do IES Ramón Cabanillas (Expte. 1917/2019), que é do seguinte tenor literal: "**Resolución da Alcaldía.- / Expediente 1917/2019.-**

**Asunto: Concesión de licenza á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para rehabilitación integral do IES Ramón Cabanillas**

**1.- PETICIONARIO:** Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional

**2.- OBXECTO DAS OBRAS:** Rehabilitación integral do IES Ramón Cabanillas

**3.- LUGAR DAS OBRAS:** Avda. Rosalía de Castro 16

**4.- NÚMERO DE EXPEDIENTE:** 1917/2019

**5.- DATA DA SOLICITUDE:** 30.04.2019

Consta proxecto redactado polo Arquitecta Natalia Vidal Soliño supervisado pola Oficina de Supervisión de Proxectos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional de marzo de 2019

Anexo ao proxecto de 01.08.2019

Directores de Obra: Francisco Galiñanes Chaves (Arquitecto) e Rafael Bouzas Bello (Xefe do Servizo da Unidade Técnica de Pontevedra)

Directores de Execución de Obra: José Manuel Tanoira Picallo (Xefe de Sección da Unidade Técnica de Pontevedra) e Miriam Abal Abal (Arquitecta Técnica)

Consta autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de 18.07.2019

Emitiuse informe do Arquitecto Municipal, favorable o 01.08.2019

Consta informe de Secretaría, favorable, de 05.08.2019

De acordo cos informes técnico e xurídico, en uso das competencias atribuídas a esta Alcaldía polo artigo 21.1 q) da Lei 7/1985 do 2 de abril delegadas na Xunta de Goberno Local mediante Resolución do 08.07.2019,

**RESOLVO:**



1. Avocar as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local.

2. Conceder licenza municipal de obra maior á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para rehabilitación integral do IES Ramón Cabanillas na Avda. Rosalía de Castro 16 de acordo co proxecto redactado polo Arquitecta Natalia Vidal Soliño supervisado pola Oficina de Supervisión de Proxectos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional de marzo de 2019 e anexo ao proxecto de 01.08.2019.

3. Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que celebre.

**Outros datos do expediente:**

a) Clasificación urbanística do solo: Solo Urbano Normativa de Equipamento

b) Orzamento: 780.057,47€

**Condicións:**

1. Previamente ao inicio da obra deberá aportar o plano de obra coa modificación da ubicación da aula de debuxo ás aulas de tecnoloxía e informática, mantendo o estado actual da planta primeira. As portas de acceso as aulas da ESO 3ª da primeira planta e ESO 1ª alinearánse co pasillo principal, co obxecto de que a súa superficie sea inferior a 50,00 m<sup>2</sup>.

2. Deberá axustarse e cumprir todas as condicións impostas nas autorizacións sectoriais obrantes no expediente:

\* Consellería de Cultura e Turismo de data 18/07/2019.

3. As cores a empregar na envolvente do edificio, serán consensuadas cos Servizos Técnicos Municipais, pola proximidade ao BIC do Pazo de Fefiñans.

4. Previamente á execución de novas chemineas deberán axustarse as condicións impostas pola Consellería competente en materia de Patrimonio Cultural e ser consensuadas cos servizos técnicos municipais,

5. As obras executaránse baixo a Dirección Técnica da obra do Arquitecto designado.

6. O Director de Execución de Obra será levada a cabo polo Arquitecto Técnico designado.

7. A Coordinación de Seguridade e Saúde será levada a cabo polo Técnico designado por parte do Arquitecto / Arquitecto Técnico designado.

8. Deberá dispoñer a pe de obra o cartel indicador da Licenza Municipal e técnicos directores, prazo e construtor, usos, ordenanza, data de licenza, prazo de execución e nº de plantas de acordo co Art. 59 da Ordenanza Municipal de Obras.

9. En caso de executar obras que afecten á cimentación do edificio o que necesiten cimentación, se adxuntará o Estudio Xeotécnico do terreo, conforme ao CTE DB SE.

10. Deberá procederse á conexión cos servizos existentes no núcleo urbano, de acordo coas indicacións das empresas de servizos municipais, debendo estar en todo caso as indicacións que ao respecto establezan os servizos técnicos municipais.

11. A promotora farase cargo das responsabilidades a que dera lugar, extremando as precaucións de seguridade co obxecto de evitar riscos as persoas y as cousas.

12. O inicio queda supeditado á entrega da copia do Padrón do I.A.E. do contratista que execute a obra e a autorización de instalación de grúa, se é necesaria para as obras solicitadas.

13. Deberá dispoñer na obra da Licenza e o Proxecto Selado polo Concello a disposición dos funcionarios municipais, para o que deberá entregar unha segunda copia idéntica á documentación que serviu para a concesión da licenza.

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2019-0022 Data: 09/09/2019



Cod. Validación:  | Corresción: <http://cambados.sedelectronica.gal>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 5



14. As obras axustaránse estrictamente ao autorizado, calquera modificación que se realice sobre as obras autorizadas deberán ser obxecto da correspondente autorización municipal, previa á execución das mesmas.

15. De conformidade co disposto no artigo 145 da Lei 2/2.016 de 10 de febreiro do solo de Galicia e o artigo 359 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2.016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras se indican a continuación:

\* *Iniciación, dentro do 1 mes seguinte ao outorgamento da licenza.*

\* *Interrupción máxima de 1 mes, debendo comunicar por escrito ao Concello a súa interrupción e advertindo que con carácter excepcional e por unha soa vez outorgarase prorroga cando se xustifique que a interrupción obedece a motivos de forza maior.*

\* *Finalización dentro do prazo de 3 meses seguintes ao outorgamento da licenza.*

1. Ao obxecto de solicitar a prórroga da licenza de obras, esta deberá ser tramitada previa ou simultaneamente ante as administracións que outorgaron autorización.

2. Antes do inicio das obras deberá colocar un valado de protección, para o que, no seu caso deberá obter a oportuna autorización municipal.

3. Á finalización das obras deberán adxuntar certificación da instalación polo Director de Obra e/o instalador autorizado do correcto funcionamento da instalación de protección contra incendios e de que a instalación garante a presión e tempo de funcionamento dos seus equipos conforme á normativa técnica de aplicación e os seus regulamentos.

4. En todo caso a edificación non poderá ser ocupada ata que as obras estén terminadas completamente, debendo solicitar no seu momento ao Concello a preceptiva Licenza de Primeira Ocupación ou utilización, adxuntando o Certificado de Final de Obra, expedido polos directores da mesma, así como se procede, a Acta de Recepción que se outorgase expresamente, ou acreditación da recepción tácita da obra, co fin de que se proceda á comprobación por parte dos servizos técnicos municipais.

5. A conexión aos servizos municipais previamente á súa execución, deberá ser autorizada polo organismo titular do vial ao que da fronte a parcela, executando ditas obras de acordo coas características indicadas polas empresas responsables de ditos servizos.


6. En caso de ocupar vía pública, deberá solicitar a correspondente autorización do organismo titular do vial.

7. Se deberá entregar conxuntamente coa documentación de final de obra para a obtención da Licenza de 1ª Ocupación o Certificado de Eficiencia enerxética de edificio terminado.

8. Deberán cumprirse na execución das obras as determinacións establecidas polo Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, e as establecidas no Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda darse por enterada.

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES



Non hai asuntos

E non tendo máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, na data e hora indicada no encabezamento, de todo o que eu como secretario, dou fe extendendo a presente acta, a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, segundo o disposto no artigo 206 do R.O.F.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

**ACTA DE XUNTA DE GOBERNO**  
Número: 2019-0022 Data: 09/09/2019



Cod. Validación:  | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona espPublico | Páxina 5 a 5